



# Eleccións 2022

## TOD@S PERDEMOS

**A empresa arrasou.** O proceso electoral fortaleceu ao sindicato amarillo.

A unidade de acción dos sindicatos ugt e ccoo co sindicato amarillo facilitou un proceso de votación totalmente controlado e antidemocrático. Unidade de acción que van ter que pagar nos vindeiros catro anos, a empresa e o sitc van cobrar cos nosos dereitos esa estratexia electoral, aínda que algún dos chamados sindicatos de clase presumen por subir un puñado de votos, que non en representación.

Estratexia electoral que, consistiu en: persoas acompañadas, instrucións para que non se empregara a cabina, a disposición das zoas de votación, e unha longa lista de practicas perfeccionadas durante 42 anos polo sindicato da empresa que, este ano foron asumidas polos seus compañeiros de viaxe. **Todo con tal de barrer o sindicalismo combativo.**

O sindicalismo combativo é incomodo para a empresa e para o sitc, e por suposto para aqueles que se comportan como amarillos nas xuntanzas coa empresa e se disfrazan de sindicalismo de clase nos talleres, e viven do recordo do 72.

A pesar da estratexia electoral da empresa, sitc, ugt e ccoo; **a CUT segue a ser a terceira forza sindical** i empresa e sindicatos afíns van ter que seguir escoitando os nosos argumentos na defensa do colectivo. Lamentamos profundamente a desaparición da CIG, deixando a CUT como único sindicato capaz de confrontar coa empresa.

**Agradecer a confianza e valentía das 490 persoas que votaron a CUT nestas eleccións:** hai xente que di que polo que loitamos é unha utopía, nós pensamos que a utopía é a de aqueles que queren negar o noso dereito a loitar.

**PD:** Unha vez rematado este proceso esperamos que o novo Comité saído destas eleccións se poña a traballar para conseguir en Vigo unha paga similar a de Francia para paliar os efectos da subida dos prezos. A CUT esta disposta a unirse ao 90% do Comité que se senta do lado da empresa para acadar como mínimo o que o grupo lles da ás persoas traballadoras de Francia, **1.400€.**

*“Venceredes, pero non convenceredes. Venceredes porque tedes sobrada forza bruta; pero non convenceredes, porque convencer significa persuadir. E para persuadir precisades algo que vos falta: RAZÓN E DEREITO NA LOITA”* ((Miguel Unamuno).

**CUT, prioridade ás persoas traballadoras.**

